

Estatutos do Cineclub de Compostela

TÍTULO PRIMEIRO

DA FUNDACIÓN, CARÁCTER, SEDE, MEDIOS E FINS DO CINECLUBE

Artigo 1. Constitución do Cineclub

No día 15 de abril de 2001 fica constituído no Concello de Santiago de Compostela o CINECLUBE DE COMPOSTELA. Constitúese como entidade asociativa sen ánimo de lucro, tanto na súa xestión coma no intre da a súa disolución, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, ao amparo do disposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, e normas complementarias.

Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 2. Os fins do Cineclub

Son fins desta asociación:

- a) A promoción e difusión de todo o relacionado coa cinematografía.
- b) A promoción e a difusión do idioma galego, así como da cultura galega e os dereitos sociais e nacionais de Galiza.
- c) A Asociación non ten finalidade lucrativa.

Artigo 3. Actividades do Cineclub

A actividade principal do Cineclub consistirá en programar proxeccións cinematográficas periódicas. Ademais programará outras actividades, sempre en relación co cinema, como poden ser:

- a) Programación de ciclos temáticos de cinema.
- b) Realización de actos culturais e educativos dende o tema da arte e a cultura cinematográfica e o seu estudo, así como dende a relación do cinema coas demais artes e manifestacións culturais e sociais.
- c) Apoio a novas creacións cinematográficas.
- d) Organización de cursos sobre temas relacionados co estudo da cultura, a arte e a técnica cinematográficas, e doutros aspectos relacionados co cinema en xeral.
- e) Programación de proxeccións cinematográficas en colaboración con outras entidades ou asociacións de interese social ou cultural, sempre que o papel do Cineclub estea en consonancia cos fins do mesmo.
- f) Edición dun boletín informativo ou doutro tipo de canle impresa para a difusión da cultura cinematográfica e das actividades do Cineclub.
- g) Difusión da obra impresa, videográfica, multimedia ou noutros soportes similares sobre temas cinematográficos.

As proxeccións cinematográficas do Cineclub de Compostela realizaranse sempre en versión orixinal, sendo preferidas, na medida do posíbel, as copias con subtítulos en galego ou portugués a calquera outra lingua.

Estas actividades realizaranse principalmente no ámbito territorial do Concello de Santiago de Compostela, sen excluír que as poida realizar fóra dese ámbito.

Artigo 4. A Federación de Cineclubes de Galicia

O Cineclub de Compostela está integrado na Federación de Cineclubes de Galicia (a cal está integrada á súa vez na Confederación Estatal de Cineclubes).

Artigo 5. A sede e ámbito territorial do Cineclub

A sede e o domicilio social do Cineclub están, na actualidade, na Avenida de Castelao, sen número, en Compostela.

Os cambios no domicilio social, na sede do Cineclub ou a utilización doutros locais adicionais na mesma ou noutras cidades, serán acordados pola Asemblea Xeral de Socios e Socias.

Apartado 5.1. Ámbito territorial do Cineclub

O ámbito de actuación do Cineclub é fundamentalmente municipal, sen prexuízo de que poda ampliarse dentro de Galiza ou mesmo a outros niveis.

TÍTULO SEGUNDO

DOS SOCIOS E DAS SOCIAS E ÓRGANOS REITORES DO CINECLUBE

Artigo 6. Os órganos do Cineclub

Os órganos reitores do Cineclub son: a Asemblea Xeral de Socios e Socias, composta por todos os socios e todas as socias do Cineclub, e a Xunta Directiva, o seu mandato terá unha duración dun ano.

Artigo 7. Os socios e as socias do Cineclub

Só poderán ser socios e socias aquelas persoas, físicas ou xurídicas, estas últimas legalmente constituídas, sexan públicas ou privadas, e co acordo expreso do seu órgano competente ou reitor, que estean ao corrente no pago da cota obrigatoria vixente en cada momento, así como da cota de entrada, segundo especifica o artigo 8.2 dos presentes Estatutos.

Son socios e socias do Cineclub os e as así inscritos no Libro de Inscripción de Socias e Socios. Esta inscrición consiste en indicar número de socio ou de socia, nome e apelidos, número do seu documento de identidade e data de inscrición como socio ou como socia, así como calquera outro dato esixido pola lexislación vixente. Neste libro farase constar, a seguir da inscrición citada, a data e causa de perda da condición de socio ou de socia de quen sexa expulsado do Cineclub por decisión da Asemblea Xeral de Socios e Socias, ou de quen solicite a súa baixa como socio ou socia, ou de quen a perda por falta de pago da cota obrigatoria.

A Xunta Directiva poderá rexeitar unha solicitude de inscrición dun socio ou dunha socia. O ou a solicitante será informado/a por escrito da negativa e terá un mes para, en escrito razoado presentado ante a Xunta Directiva, solicitar a súa inscrición á Asemblea Xeral de Socios e Socias. Esta solicitude será incluída na orde do día da seguinte reunión desta e a súa decisión será irrecusábel.

Son Colaboradoras e Colaboradores do Cineclub aquelas persoas ou entidades que aporten axuda económica para a realización das actividades do mesmo, segundo o acordado pola Xunta Directiva. Os e as Colaboradores e Colaboradoras estarán obrigadas e obrigados polos presentes Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e as decisións legais da Asemblea Xeral de Socios e Socias e da Xunta Directiva.

Artigo 8. *Réxime dos socios e socias*

Todos os socios e as socias teñen os mesmos dereitos e as mesmas obrigas; agás os socios ou as socias menores de idade non emancipados que, aínda que poidan pertencer ao Cineclub, non poderán votar nas reunións nin poderán ser elixidas ou elixidos para a Xunta Directiva, por imperativo legal.

Apartado 8.1. *Dereitos dos socios e socias*

Os socios e as socias do Cineclub terán os seguintes dereitos:

- a) Asistiren de balde ás proxeccións do Cineclub.
- b) Asistiren ás reunións da Asemblea Xeral de Socios e Socias e, se son maiores de idade ou menores de idade emancipados, votar nelas e elixiren e seren elixidas ou elixidos para a Xunta Directiva
- c) Participaren das actividades organizadas polo Cineclub, nas Seccións e Comisións de Traballo aprobadas pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral de Socios e Socias segundo o estipulado nos Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno.
- d) Dirixiren escritos, propostas, queixas, alegacións e peticións aos órganos rectores do Cineclub. Estas peticións serán ouvidas en reunión e votadas.
- e) Recibiren información relacionada con estas actividades, sobre as reunións da Asemblea Xeral de Socios e Socias mediante avisos públicos durante as actividades habituais do Cineclub e mediante exposición nos locais do Cineclub.
- f) Dispoñeren do material do Cineclub na mesma sede ou con servizo de préstamo baixo o control dos responsábeis do mesmo.
- g) Consultaren os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno, os acordos e actas dos órganos reitores, o estado de contas da asociación, orzamentos e demais documentación contábel e administrativa do Cineclub, sempre baixo a supervisión da Presidenta ou Presidente ou da Secretaria ou Secretario ou das persoas que estes ou estas designen. Respecto do Libro de Socios e Socias, por mor da confidencialidade dalgúns datos, as socias e os socios só poderán acceder a unha lista actualizada dos socios e socias na que figurará exclusivamente o nome e apelidos e o número de cada socio ou socia.
- h) Os que lle atribúan as decisións legais dos órganos rectores do Cineclub, os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.

Apartado 8.2. Deberes dos socios e socias

Os socios e socias do Cineclub de Compostela terán os seguintes deberes:

- a) Aboaren a cota de entrada, así como a cota obrigatoria vixente nese momento. Ningunha persoa poderá ser socio do Cineclub de Compostela de non aboar estas cotas.
- b) Entregaren os datos e documentos para a súa correcta inscrición no Libro de Socios e Socias, ou para posteriores comprobacións e actualizacións.
- c) Respectaren os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e acataren as decisións legais dos órganos reitores da asociación.
- d) Desempeñaren os cargos para os que foron elixidas ou elixidos

Apartado 8.3. Baixa dos socios e socias

A perda da condición de socio ou socia non implicará a devolución das cotas pagadas. Os socios e as socias do Cineclub de Compostela deixarán de o ser polas seguintes causas:

- a) O transcurso de tres meses sen renovaren as cotas obrigatorias causará baixa automática.
- b) Baixa voluntaria, que será comunicada e aceptada pola Xunta Directiva, e que non eximirá ao socio ou socia de cumpriren as obrigacións que teña pendentes co Cineclub de Compostela.
- c) Decisión legal da Asemblea Xeral de Socios e Socias por mor dunha proposta da Xunta Directiva, contra aqueles socios ou socias que cometesen actos graves contra o Cineclub de Compostela ou o seu patrimonio.
- d) Outras causas recollidas pola lexislación vixente, polos Estatutos ou polo Regulamento de Réxime Interno da asociación.

O socio ou socia que cause baixa terá que volver aboar a cota de entrada para ser considerado socio ou socia de novo.

Apartado 8.4. Réxime de sancións aos socios e socias

Os socios e socias poderán ser sancionados pola Xunta Directiva de infrinxiren de xeito reiterado estes Estatutos ou o Regulamento de Réxime Interno, de danaren o material ou o patrimonio do Cineclub de Compostela de xeito intencionado ou irresponsábel.

As sancións aplicadas estarán en función da gravidade dos feitos imputados e suporán a suspensión de todos ou de parte dos dereitos dos socios e socias recollidos nestes Estatutos ou no Regulamento de Réxime Interno.

As sancións nunca poderán ser económicas. A tales efectos non se considerarán sancións económicas aquelas que impliquen que o socio sancionado ou a socia sancionada deba pagar as cotas de actividades aplicábeis a non socios e non socias ou a cancelación de abonos ou descontos nas actividades do Cineclub de Compostela. En ningún caso lle serán devoltas ao socio sancionado ou socia sancionada as cantidades satisfeitas en concepto de cota obrigatoria ou cota de entrada. O socio ou socia que fose sancionado ou sancionada por causar un deterioro no patrimonio do Cineclub de Compostela, terá que reintegrar ou resarcir ao Cineclub de Compostela polo dano causado.

Todas as sancións impostas a un socio ou socia serán inscritas no Libro de Socios e Socias.

Artigo 9. A Asemblea Xeral de Socios e Socias e a súa convocatoria

A Asemblea Xeral de Socios e Socias é o máximo órgano reitor do Cineclub. Celebrará un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano de actividade, a primeira delas a primeira quincena do mes de outubro, e celebrará reunións extraordinarias cando así o soliciten, en escrito asinado, polo menos a décima parte dos socios e socias, cando a convoque a Xunta Directiva, ou polo menos tres dos seus membros, ou a Presidenta ou Presidente.

En todos os casos, serán convocadas pola Presidencia do Cineclub, e comunicaranse aos socios e socias cunha antelación non inferior a quince días naturais por escrito no domicilio dos asociados e das asociadas, indicando a orde do día a tratar e o lugar, data e hora de reunión. Tamén haberá de sinalarse a hora da segunda convocatoria, sen que entre a primeira e a segunda convocatoria poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 10. As reunións da Asemblea Xeral de Socios e Socias

As reunións da Asemblea Xeral de Socios e Socias quedarán validamente constituídas (no lugar, data e hora que marque a convocatoria) cando asistan, presentes ou representadas e representados nunha primeira convocatoria, polo menos a metade máis un ou unha dos socios e socias, ou na segunda convocatoria, co número de socios e socias asistentes.

Artigo 11. As decisións na Asemblea Xeral de Socios e Socias

As decisións da Asemblea Xeral de Socios e Socias adoptaranse co voto da maioría simple dos socios e socias reunidos e reunidas cando os votos afirmativos superen os negativos, non serán computábeis os votos en branco nin as abstencións e obrigarán a todos os socios e socias do Cineclub.

Será precisa a maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Ratificar a expulsión dos asociados e das asociadas por proposta da Xunta Directiva.
- b) Aprobar a federación con outras asociacións.
- c) Solicitar a declaración de utilidade pública.
- d) No caso de que o motivo da reunión sexa decidir a disolución do Cineclub.

Artigo 12. Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria

A Asemblea Xeral Ordinaria de Socios e Socias disporá das seguintes atribucións:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- c) Aprobar o orzamento proposto pola Xunta Directiva.
- d) Aprobar e modificar o Regulamento de Réxime Interno da asociación.
- e) Actualizar as cotas extraordinarias e ordinarias.
- f) Acordar a remuneración, de ser o caso, dos membros dos órganos de representación.

- g) Todas as demais atribucións que resulten dos estatutos e que non estean expresamente conferidas á Asemblea Xeral ou á Xunta Directiva.

Artigo 13. Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria

A Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios e Socias disporá das seguintes atribucións:

- a) A disolución do Cineclub, designando neste caso liquidadores ao efecto.
- b) Elixir unha nova Xunta Directiva, renova-la en parte dos seus membros ou reelixir a Xunta Directiva xa existente.
- c) Modificar os Estatutos.
- d) Aprobar a federación ou establecer relacións con outras asociacións.
- e) Ratificar a expulsión de asociadas ou asociados por mor de proposta da Xunta Directiva.
- f) Aprobar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
- g) Solicitar a declaración de utilidade pública.

Artigo 14. Acordos da Asemblea Xeral

Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores obrigarán a todas as asociadas e todos os asociados, mesmo as e os non asistentes.

As sesións comezarán coa lectura por parte do Secretario ou Secretaria da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose á súa aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia que se trate.

Unha vez rematados todos os asuntos da orde do día abrírase unha quenda de preguntas e suxestións. Concluído este punto, a presidencia dará por rematada a sesión.

Artigo 15. A convocatoria e reunión da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirase por convocatoria feita a todos os seus membros cunha antelación non inferior a corenta e oito horas da Presidenta ou Presidente e do Secretario ou Secretaria, ou ben por convocatoria de polo menos a metade máis un dos seus membros. A convocatoria pode facerse ben por escrito, persoal ou telefonicamente, con ou sen orde do día, indicando lugar, data e hora de celebración.

A Xunta Directiva constituírse validamente en primeira convocatoria se están presentes a metade máis un dos seus membros. Se non estivese presente ese quórum, a Xunta Directiva volverá a reunirse media hora máis tarde en segunda convocatoria e quedará validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes sempre que estean presentes cando menos tres membros da Xunta Directiva.

As decisións da Xunta Directiva adoptaranse co voto da maioría simple.

Os socios e as socias que o desexen poderán dirixir escritos, propostas, peticións, alegacións, etc. á Xunta Directiva, que serán incluídas na orde do día, lidas ou oídas en reunión e votadas, comunicándose ao socio ou socia a resolución tomada.

Artigo 16. Composición e competencias da Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de representación, executivo, xestor e administrativo do Cineclub. Todas as persoas que a compoñen deberán ser asociados ou asociadas, maiores de idade, estaren en pleno uso dos dereitos civís e non estaren incurso ou incursoas noutros motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente. Estará formada por: Presidenta ou Presidente, Secretario ou Secretaria, Tesoureira ou Tesoureiro e, de ser o caso, Vicepresidente ou Vicepresidenta, Vicesecretaria ou Vicesecretario e vocais. Ningún cargo é remunerado, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados polos gastos que incorran no exercicio do seu cargo debidamente xustificadas.

Se alguén da Xunta Directiva está contratada ou contratado como traballadora ou traballador, a categoría profesional e o salario será segundo convenio.

Os cargos deberán ser elixidos e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato será dun ano, podendo ser reelixidas ou reelixidos.

As súas competencias son:

- a) Ostentaren a representación legal do Cineclub.
- b) Administraren os recursos do Cineclub, seguindo o presuposto de ingresos e gastos aprobado pola Asemblea Xeral de Socios e Socias.
- c) Planificaren e realizaren as actividades planificadas polo Cineclub, e o resto das decisións legais deste, e dirixiren os traballos destinados a tales efectos.
- d) Acordaren a solicitude de subvencións, axudas, convenios de colaboración a institucións públicas ou privadas estatais, autonómicas, provinciais, comarcais ou municipais.
- e) Convocaren as reunións das Asembleas Xerais de Socios e Socias.
- f) Prepararen o orzamento de ingresos e gastos, balances e contas do exercicio pechado.
- g) Convocaren as súas reunións aos socios interesados e ás socias interesadas para escoitaren as súas propostas ou alegacións e para atenderen a calquera procedemento do disposto nestes Estatutos ou no Regulamento de Réxime Interno que non sexa competencia da Asemblea Xeral.
- h) Resolver sobre a admisión de novos asociadas e novas asociadas.
- i) No caso de vacante dalgún dos cargos da Xunta Directiva e, en todo caso, non no previsto ao respecto nestes Estatutos, nomear provisionalmente a persoa que estime axeitada, até a nova elección de cargos.

Apartado 16.1. Competencias da Presidenta ou Presidente

O Presidente ou a Presidenta do Cineclub executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral de Socios e Socias, ou designará os membros da Xunta Directiva que os executen. Terá as seguintes atribucións e obrigacións:

- a) Convocar, presidir e levantar as reunións que celebre a Xunta Directiva ou as Asembleas Xerais de Socios e Socias, delegando noutro membro da Xunta Directiva en caso necesario.
- b) Ordenar os pagos acordados validamente.
- c) Xestionar no nome do Cineclub os convenios de colaboración que se decidan legalmente.
- d) Designar delegada ou delegado temporal para as súas funcións e para as funcións dos demais membros da Xunta Directiva en caso necesario. Tamén designar o membro da Xunta Directiva que realizará as funcións de Presidenta ou

Presidente e en caso de ausencia, enfermidade ou vacacións. Se o Presidente ou Presidenta non tivese designado a ningunha persoa, sería a Vicepresidenta ou Vicepresidente, en caso de a haber ou de o haber, ou o Secretario ou Secretaria quen o substituíse, até que a Presidenta ou o Presidente nomease a outro ou outra ou até que a Xunta Directiva elixise a algún dos seus membros a tal fin.

- e) Representar o Cineclub oficialmente ante calquera organismo ou entidade, así como ante toda clase de actos e contratos, tanto xudicial como extraxudicialmente, e asinar e outorgar poderes e calquera outro documento.
- f) Xestionar e fomentar as relacións externas e públicas do Cineclub.
- g) Todas as atribucións que lle correspondan segundo estes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.

Apartado 16.2. Competencias do Secretario ou Secretaria

A Secretaria ou o Secretario da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións e obrigacións:

- a) Tramitar as inscricións e solicitudes dos socios e socias, entregar os carnés, e levar o Libro de Socios e Socias.
- b) Recibir en nome da Xunta Directiva os traballos administrativos, redactar os seus documentos, os escritos dos socios e socias, dirixidos tanto á Xunta Directiva como á Asemblea Xeral de Socios e Socias, rexistralos, arquivalos, custodialos e velar porque sexan entregados ou comunicados no menor tempo posible aos órganos competentes.
- c) Controlar a saída e entrada de documentación do Cineclub, rexistrala, almacenala e distribuila.
- d) Velar polo cumprimento das disposicións vixentes en materia de asociacións, custodiar a documentación oficial do Cineclub, cursar as comunicacións pertinentes ás autoridades civís.
- e) Notificar as convocatorias, levantar acta das reunións, expedir certificacións destas co visto e prace da Presidenta ou do Presidente da Asemblea Xeral de Socios e Socias e da Xunta Directiva.
- f) Exercer temporalmente as funcións do Presidente ou da Presidenta por causa de ausencia, enfermidade ou vacacións até que a Presidenta ou Presidente ou, no seu caso, a Xunta Directiva elixa un substituto ou substituta entre os seus membros, en caso de non haber Vicepresidente ou Vicepresidenta.
- g) Todas as atribucións que lle correspondan segundo estes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.

Apartado 16.3. Competencias da Tesoureira e do Tesoureiro

O Tesoureiro ou a Tesoureira terá as seguintes atribucións e obrigacións:

- a) Dirixir a contabilidade do Cineclub, levar conta dos ingresos e os gastos, intervindo nas operacións económicas do Cineclub.
- b) Recadar e custodiar os fondos do Cineclub, dar cumprimento ás ordes de pago decididas legalmente pola Asemblea Xeral de Socios e Socias e ordenadas pola Presidenta e Presidente.
- c) Formalizar o presuposto anual de ingresos e gastos, e o estado de contas e balances do último período.

- d) Realizar os informes económicos e os presupostos correspondentes a cada unha das actividades do Cineclube así como os presupostos estimados para ós proxectos que se estean a estudar.
- e) Todas as atribucións que lle correspondan segundo estes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.

Apartado 16.4. Competencias das e dos vocais

Os e as vocais terán as seguintes atribucións e obrigacións:

- a) Supliren os demais membros da Xunta Directiva en caso necesario.
- b) Executaren os distintos servizos e actividades do Cineclube, ben dirixindo as Seccións e Comisións de Traballo que se constituán, ou porque así llelo encargue a Xunta Directiva.
- c) Presentaren proxectos, manter o contacto entre a Xunta Directiva e as socias e os socios, e do Cineclube co entorno social.
- d) Todas as atribucións que lle correspondan segundo estes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 17. Cese nos cargos da Xunta Directiva

Os cargos da Xunta Directiva cesarán na a súa función polas seguintes causas:

- a) Renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por expiración do mandato.
- c) Por incumprimento das obrigas encomendadas, sempre que así se estime nunha Asemblea.
- d) Por moción de censura de maioría cualificada da Asemblea Extraordinaria

Artigo 18. As Asembleas Ordinarias de Socios e Socias e a Xunta Directiva

A Xunta Directiva é a responsable de facer a convocatoria previa, indicando a orde do día que a Xunta Directiva propón tratar. Deberá acompañar unha memoria da actividade económica e ordinaria do Cineclube.

Se a Xunta Directiva quere facer outra proposta, incluírá tamén esa/s proposta/s, explicándoa/s, na orde do día. Igualmente os socios e socias que o desexen poderán presentar, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva, calquera proposta á Asemblea Xeral de Socios e Socias. Todas as propostas serán oídas, debatidas e votadas.

TÍTULO TERCEIRO **SOBRE O RÉXIME ECONÓMICO**

Artigo 19. Recursos do Cineclube

Os recursos do Cineclube procederán das cotas de inscrición e actividades que paguen os seus socios e as súas socias, das contribucións de colaboradoras ou colaboradores, das subvencións, créditos e axudas que reciban de entidades públicas e privadas e doutras fontes de financiamento legal.

Os socios e socias do Cineclub de Compostela pagarán unha cota obrigatoria. Esta cota permitirá á socia ou ao socio gozar dos servizos e das actividades do Cineclub nos termos que establezan os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno da asociación e as decisións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral de Socios e Socias.

Se no transcurso de tres meses o socio ou a socia non pagase as cotas obrigatorias, entenderase que non desexa renovar a súa condición de socia ou socio e será dada ou dado inmediatamente de baixa. Esta baixa automática implicará que o socio ou a socia non o poida volver ser sen pagar de novo a cota de entrada. Só os socios e as socias a corrente no pago das cotas serán considerados e consideradas como tales. Estas cotas poderán ser actualizadas periodicamente.

O Cineclub, en ningún caso poderá distribuír os recursos obtidos entre as asociadas e os asociados, estes deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins. Os fondos estarán a disposición do Presidente ou a Presidenta, do Tesoureiro ou a Tesoureira, a Vicepresidenta ou o Vicepresidente ou, de non haber tal, o Secretario ou a Secretaria, indistintamente coa sinatura de calquera deles ou delas nas entidades bancarias que se acorden.

Artigo 20. Patrimonio do Cineclub

Neste momento o patrimonio do Cineclub de Compostela é de 1.000 euros.

Artigo 21. Exercicio económico do Cineclub

O exercicio económico do Cineclub será anual, o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano. Así, o seu orzamento deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria do exercicio económico que corresponda, e a liquidación do orzamento terase que presentar necesariamente na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior o remate do exercicio.

Artigo 22. Balance económico do Cineclub

Anualmente e con referencia ao derradeiro día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e o balance de situación, que se formalizará nunha memoria que será posta a disposición de asociados e asociadas durante un prazo non inferior a quince días do día sinalado para Asemblea Xeral Ordinaria que o deberá votar.

Artigo 23. Disposición dos fondos do Cineclub

Para a disposición dos fondos do Cineclub nas entidades bancarias onde a asociación os ten depositados, deberá a entidade bancaria ter recoñecidas as sinaturas que correspondan ao Presidente ou á Presidenta, Vicepresidente ou Vicepresidenta ou, de non haber tal, Secretaria ou Secretario, e tesoureiro ou tesoureira para o seu emprego.

TÍTULO CUARTO

OUTRAS DISPOSICIÓN

Artigo 24. O Libro de Actas

Das reunións da Asemblea Xeral de Socios e Socias e da Xunta Directiva, farase constar en Libro de Actas: a data, hora e lugar de reunión, os e as asistentes, os temas

debatidos e as decisións adoptadas cos resultados das votacións. Cada unha destas actas irá asinada pola Presidenta ou o Presidente e o Secretario ou a Secretaria.

Artigo 25. Os rexistros contábeis

Este Cineclub expedirá recibos polas cantidades que ingrese por calquera concepto, conservará as facturas que acrediten os seus gastos e levará actualizados os correspondentes Libros de Rexistro de Ingresos e Gastos así como, no seu caso, os Libros de Contabilidade ou fiscais que esixan as leis vixentes.

Artigo 26. Obrigas cos Rexistros Oficiais

De acordo co disposto na Orde de Creación do Rexistro Oficial de Cineclubes de Galicia, calquera cambio nas circunstancias deste Cineclub será notificado á Consellaría de Educación e Cultura, ou organismo que a substitúa. Tamén se comunicará este cambio a calquera outro rexistro oficial no que estivese inscrito o Cineclub.

Artigo 27. Os usos lingüísticos

A comunicación do Cineclub, tanto interna como externa, realizarase exclusivamente en galego. Os membros da Xunta Directiva e os seus delegados ou as súas delegadas comprométese a utilizar esta lingua en todas as súas comparecencias por escrito ou oralmente nos actos e actividades nos que estea presente ou representado o Cineclub de Compostela.

As comunicacións que non se poidan realizar en galego, adaptaranse na medida do posíbel á lingua propia do receptor, indo acompañados os escritos de copia en galego.

Artigo 28. O carné de socio ou socia

Desde o momento da súa inscrición no Libro de Socios e Socias, os socios e as socias teñen dereito a recibir un carné, agás os socios protectores ou as socias protectoras, que recibirán dous. Este carné de socio ou socia, que é nominal e intransferíbel, permitiralles identificarse como tales nas actividades organizadas polo Cineclub.

Sen embargo, será unicamente o Libro de Inscrición de Socios e Socias o documento que acredite a condición de socio ou socia e os dereitos e obrigacións contraídas polo socio ou socia. En concreto, o socio ou socia que, por calquera causa, deixase de o ser deberá devolver o seu carné de socio ou socia e se non o fixese entenderase que ese carné carece de validez.

No momento de formalizar a súa inscrición, o socio ou socia poderá obter unha copia dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno.

TÍTULO QUINTO

SOBRE A DISOLUCIÓN DO CINECLUBE

Artigo 29. Causas de disolución do Cineclub

A duración do Cineclub de Compostela será indefinida. O Cineclub só poderá ser disolvido por algunha das seguintes causas:

- a) Por acordo da Asemblea Extraordinaria de Socios e Socias convocada expresamente con esta finalidade. Para que este acordo sexa válido terá que ser aprobado por polo menos dous tercios dos socios e socias presentes (artigo 11).
- b) Por sentenza xudicial.
- c) Por outras causas legalmente estipuladas.

Artigo 30. *O acordo de disolución e a Comisión Liquidadora*

A Asemblea Extraordinaria de Socios e Socias que disolva a asociación nomeará os liquidadores ou ás liquidadoras, preferibelmente independentes, podendo estes ou estas seren socios e socias ou non. Tamén pode acordar que a última Xunta Directiva se transforme en Comisión Liquidadora.

As liquidadoras e os liquidadores, constituídos en Comisión Liquidadora, logo de satisfaceren as débedas, as cargas e obrigas do Cineclube, destinarán os bens sobrantes a entidades sen ánimo de lucro con fins semellantes e con domicilio social en Galiza. Os bens serán entregados preferentemente a outro Cineclube.

TÍTULO SEXTO

SOBRE O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO E SOBRE OS ESTATUTOS

Artigo 31. *O Regulamento de Réxime Interno*

A Asemblea Xeral de Socios e Socias, a proposta da Xunta Directiva, aprobará un Regulamento de Réxime Interno que organizará o funcionamento interno do Cineclube de acordo co disposto nos presentes Estatutos e que regulará polo menos as seguintes materias:

- a) Convocatoria, votación e funcionamento das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral de Socios e Socias.
- b) Normas para a elección de cargos da Xunta Directiva e a súa substitución en caso de baixa temporal ou definitiva.
- c) Funcionamento e organización das actividades e, no seu caso, das Seccións e Comisións de Traballo.

Artigo 32. *Ámbito e interpretación dos Estatutos*

O Cineclube, os seus asociados e as súas asociadas e os seus órganos rectores deberán axustarse ao ditado polos presentes Estatutos e rexerse polo Regulamento de Réxime Interno. A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno, e cubrir as súas carencias, deficiencias e contradicións, sempre ao abeiro da lexislación vixente.

As decisións que vaian contra os Estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridas en reposición ante a Asemblea Xeral no prazo de dez días hábiles. A partires da resolución deste recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 33. A modificación dos Estatutos

Estes Estatutos só poden ser modificados por acordo votado por maioría de dous tercios dos socios reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios e Socias validamente convocada e constituída.

Estes Estatutos modifican tódolos estatutos anteriores e entrarán en vigor ao día seguinte da a súa aprobación pola Asemblea Xeral de Socios e Socias do Cineclub.

Estes Estatutos foron votados e aprobados pola Asemblea Xeral de Socios celebrada o día 28 de marzo de 2004, tal e como consta na correspondente acta da reunión.

Asinan:

Iván Villarnea

Iván Cuevas

Presidente

Secretario

ESTATUTOS DO CINECLUBE DE COMPOSTELA

TÍTULO PRIMEIRO

Da fundación, carácter, sede, medios e fins do Cineclub

- Artigo 1. Constitución do Cineclub
- Artigo 2. Os fins do Cineclub
- Artigo 3. Actividades do Cineclub
- Artigo 4. A Federación de Cineclubes de Galicia
- Artigo 5. A sede e ámbito territorial do Cineclub
 - Apartado 5.1 Ámbito territorial do Cineclub

TÍTULO SEGUNDO

Dos socios e órganos reitores do Cineclub

- Artigo 6. Os órganos do Cineclub
- Artigo 7. As socias e os socios do Cineclub
- Artigo 8. Réxime dos socios e socias
 - Apartado 8.1. Dereitos dos socios e socias
 - Apartado 8.2. Deberes dos socios e socias
 - Apartado 8.3. Baixa dos socios e socias
 - Apartado 8.4. Réxime de sancións aos socios e socias
- Artigo 9. A Asemblea Xeral de Socios e Socias e a súa convocatoria
- Artigo 10. As reunións da Asemblea Xeral de Socios e Socias
- Artigo 11. As decisións na Asemblea Xeral de Socios e Socias
- Artigo 12. Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria
- Artigo 13. Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria
- Artigo 14. Acordos da Asemblea Xeral
- Artigo 15. Convocatoria e reunión da Xunta Directiva
- Artigo 16. Composición e competencias da Xunta Directiva
 - Apartado 16.1. Competencias da Presidenta ou o Presidente
 - Apartado 16.2. Competencias do Secretario ou a Secretaria
 - Apartado 16.3. Competencias da Tesoureira ou o Tesoureiro
 - Apartado 16.4. Competencias das e dos vocais
- Artigo 17. Cese nos cargos da Xunta Directiva
- Artigo 18. As Asembleas Ordinarias de Socios e Socias e a Xunta Directiva

TÍTULO TERCEIRO

Sobre o réxime económico do cineclub

- Artigo 19. Recursos do Cineclub
- Artigo 20. Patrimonio do Cineclub
- Artigo 21. Exercicio económico do Cineclub
- Artigo 22. Balance económico do Cineclub
- Artigo 23. Disposición dos fondos do Cineclub

TÍTULO CUARTO

OUTRAS DISPOSICIÓNS

- Artigo 24. O Libro de Actas
- Artigo 25. Os rexistros contables
- Artigo 26. Obrigas cos Rexistros Oficiais
- Artigo 27. Os usos lingüísticos
- Artigo 28. O carné de socio ou socia

TÍTULO QUINTO

Sobre a disolución do Cineclub

- Artigo 29. Causas de disolución do Cineclub
- Artigo 30. O acordo de disolución e a Comisión Liquidadora

TÍTULO SEXTO

Sobre o Regulamento de Réxime Interno e sobre os Estatutos

- Artigo 31. O Regulamento de Réxime Interno
- Artigo 32. Ámbito e interpretación dos Estatutos
- Artigo 33. A modificación dos Estatutos